



De Candorxo a Virxe das Mareas (O Grove)

# Unha costa recuperable

Recentemente o CES (Colectivo Ecoloxista do Salnés), a petición da Xefa do Servicio de Costas de Pontevedra, vén de elaborar un proxecto no que se propoñen unha serie de actuacións encamiñadas á posible recuperación dun tramo, degradado, do litoral do Grove; concretamente, o que abrangue desde a Punta Cantodorxo ata a área industrial de Porto Meloxo e que denominaremos litoral de Rons. En síntese, a nosa proposta para a recuperación, deste termoso tramo costeiro, é a seguinte:

## ¿Que tipo de paisaxe queremos recuperar?

Queremos recuperar un tramo de costa no que a rocha e a area conflúen orixinando unha paisaxe de singular beleza. Nesta franxa do litoral do Grove, sobre unha antiga plataforma litoral granítica, labrada secularmente polo mar, fórone formando praias rematadas por sistemas dunares que serviron de transición ós ecosistemas continentais. Durante moito tempo, as dunas serviron para conservar o equilibrio e o perfil das praias; equilibrio destruído na actualidade.

As rochas de granito crearon unha plataforma litoral caótica e irregular, na que sobresaen numerosos penedos que, en ocasións, forman caprichosos ilotes fronte á liña de costa. Ademais, a alternancia de promontorios e praias, encaixadas no fondo de suaves enseadas, orixinou un trazado costeiro de atractiva irregularidade.

O valor paisaxístico do lugar vese incrementado pola presenza dunha gran lagoa litoral, separada do mar por unha barra areosa, únicamente, interrompida por unha canle ou bocana pola que se mesturan as augas doces do continente coas augas salgadas do medio mariño. Algunhas zonas anegadas conservan a esencia do que deberon ser as xunqueiras e os salgueirais orixinais, por onde os pequenos regatos alimentan de auga doce, esta evolucionada lagoa. A gran acumulación de sedimentos do seu fondo é unha mostra do avanzado estado evolutivo no que se encontra pois, nas baixamaras, únicamente unha irregular rede de canles a percorren, confluíndo todas elas nunha estreita e sinuosa bocana. Nas preamaras, grandes zonas da lagoa permanecen, desde hai tempo, emer-

Por  
VÍCTOR CAAMAÑO RIVAS



Ocultación de tuberías dunha depuradora en Punta Sinás

xidas e colonizadas por vexetación caracteristicamente continental.

#### O litoral de Rons hoxe

Na actualidade, o litoral de Rons encóntrase nun estado de avanzada degradación, causada, basicamente, polas inadecuadas actuacións na zona, de industrias relacionadas co sector do mar. Ademais, o estado de deterioro creado converteuse na invitación para que moitos veciños colaboraran nesta destrucción.

O gran valor do litoral descrito resulta, basicamente, da combinación de tres elementos (praia, duna e lagoa costeira) que, xa individualmente, enriquecen calquera paisaxe costeira. En

Rons, estes elementos encóntranse, en moitos casos, en tal estado de degradación, que a súa recuperación resultará praticamente inviable.

A degradación e regresión xeral das praias está causada, prioritariamente, pola destrucción dos sistemas dunares,

que son os que regulan a cantidad de área axeitada que deben ter as praias; sen duna, a praia comezará unha regresión que a conducirá, inexorablemente, á desaparición. Tamén tería un efecto negativo a invasión por diferentes elementos e construcións (edificios, muros, pistas e entullos), a acumulación de lama pola elevada contaminación orgánica en enclaves próximos, as conduccións de PVC das depuradoras de moluscos, o varamento de bateas ou o establecemento de tendidos eléctricos sobre o areal.

As dunas, hoxe, son difficilmente recoñecibles como tales. Certas actuacións, sobre todo a construcción de pistas e naves industriais, así

como a colonización por vexetación invasora, foron as causantes do estado de degradación no que se encontran.

E a situación da lagoa litoral tamén resulta alarmante. Invadida por múltiples vivendas, naves, entullos e cultivos, contaminada por augas residuais e atravesada por un gran tendido eléctrico; esta lagoa é, actualmente, un vestixio do esplendor co que debeu brillar no pasado.

#### ¡A recuperación é posible!

Aínda que o estado de degradación no que se encontra, actualmente, o litoral de Rons é alarmante, a realización de distinto tipo de actuacións faría posible recuperar, en parte, esta zona litoral de enorme potencial paisaxístico e ecolóxico.

O CES, dentro do seguimento realizado sobre o estado da costa da Comarca, no ano 1999, xa percorrerá este tramo do litoral. Seis anos despois daquela primeira valoración, vemos que se estivo a producir unha acelerada degradación deste enclave, e resultaría urgente e necesario, realizar certo tipo de actuacións que impidan novas agresións, á vez que tenten recuperar, no posible, este tramo de litoral.

En síntese, as actuacións de recuperación deberían ser as seguintes: retraer muros que invadan praias e dunas, eliminar pistas innecesarias, construcións, entullos, bateas e vertidos de augas residuais, ocultar conduccións de PVC e tendidos eléctricos, delimitar pistas que son necesarias, limitar o acceso ás dunas e á lagoa, e recuperar as dunas e a súa vexetación autóctona.

#### Incrementar o valor natural

O estado actual de deterioración do litoral de Rons está causado, sobre todo, por diferentes actuacións das empresas establecidas na franxa costeira. Estas empresas foron crecendo e invadiendo a liña litoral dun xeito desorganizado, e,

*O gran valor deste litoral resulta da combinación de tres elementos: praia, duna e lagoa costeira*



Foto: Gonzalo Palacios

No caso de Con Roibo precisase eliminar a pista que rompe o cordón de dunas para poder recuperáelas, substituindoa por unha senda peonil. Tamén ocultar os tendidos eléctricos e eliminar os vertidos sobre a xunqueira próxima.

á vez, degradando o medio ambiente do contorno, cos diversos tipos de vertidos producidos. Resulta evidente que as industrias do sector pesqueiro e marisqueiro son imprescindibles para o desenvolvemento económico do Concello do Grove, pero cremos que debería estar claramente delimitado o territorio destinado ó establecemento deste tipo de instalacións. Dun xeito natural, a zona de Porto Meloxo e Virxe das Mareas, semella un lugar axeitado para o desenvolvemento dun polígono que acolla as industrias do sector do mar.

Creemos que a expansión deste polígono industrial, non debería exceder o límite que marcaria a nave de Mariscos Escacha, para así asegurar a futura conservación da zona do litoral menos agredida na actualidade; ainda que con isto non queremos dicir que a protección do litoral da zona industrial deba ser descoidada.

A invasión das praías polas diferentes construcións, a destrucción dos sistemas dunares polo establecemento de pistas costeiras e a contaminación e invasión da gran lagoa litoral por vertidos e recheos, non foron capaces de destruir totalmente o gran valor ecolóxico e, sobre todo, paisaxístico desta bela paraxe.

O CES aposta por incrementar o valor natural do litoral de Rons, por medio dunha serie de actuacións que suporían o freo contra sucesivas agresións a esta espectacular zona costeira. De levarse a cabo as nosas propostas, podería recuperarse unha zona de gran valor natural próxima, ademais, ao núcleo urbano do Grove, o que suporía un valor engadido ao atractivo turístico que, en si mesmo, posúe esta vila.

### *Recuperariase unha zona de gran valor natural próxima ao núcleo do Grove*



Foto: Gonzalo Palacios

Na bocana da lagoa litoral das Esteiriñas cómpre eliminar o pequeno crebaondas da bocana da lagoa e o desaugadoiro de augas residuais que desemboca neste punto. O cheiro a descomposición é un sinal de alerta que exixe unha urgente actuación.